



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000411

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS PARA A ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO EN CORME (PONTECESO)

EXPEDIENTE:2019/G003/000411

ANTECEDENTES:

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entende necesario que se tramite un contrato de execución das obras ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO EN CORME (PONTECESO), considérase como procedemento de contratación máis axeitado polo acortamento de prazos o procedemento aberto simplificado, xa que polo orzamento da obra, atópase dentro dos supostos do artigo 159 da Lei 9/2017, para o cal se empregará o Prego tipo aprobado pola Deputación da Coruña, xustificando os criterios que se terán en conta para a valoración das propostas, como o prezo, o aumento do prazo de garantía e redución do prazo de execución, pola aplicación de fórmulas matemáticas que axilicen o procedemento e ao mesmo tempo permitan elixir á proposta económica máis vantaxosa que presente a mellor relación calidade-prezo e se garante a calidade da obra por medio da ampliación do prazo de garantía.

Visto o informe dos Servizos Técnicos municipais, no que se detallan os aspectos técnicos deste, así como a viabilidade da devandita actuación, recolléndose no correspondente Proxecto de Obras os Pregos de Prescricións Técnicas polos que se rexerá a licitación.

Considerando que, mediante Resolución da Alcaldía número 343/2019, do 18 de xuño aprobouse o proxecto de obras redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Martín Lema Pose, colexiado número 2.343; o cal contén toda a documentación prevista no artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-

Vista a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 2019.342.62300 polo importe de 188.129,00 euros que supón o valor estimado do contrato de obras a tramitar (155.477,98 euros e 32.650,38 euros de IVE, totalizando 188.128,36 euros); a acta de reformulo previa da obra, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares polos que debe rexerse o contrato en cuestión.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaría deste Concello



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

exp. 2019/G003/000411

Vista a fiscalización emitida pola Intervención deste Concello, na que se emiten reparos, que foron corrixidos no Informe dos Servizos Técnicos Municipais de data 27/06/2019.

Considerando que o procedemento de contratación máis axeitado, tendo en conta os seus prazos e o orzamento da obra encóntrase dentro dos supostos do artigo 159 da Lei 9/2017, xustificando os criterios que se terán en conta para a valoración das propostas, como o prezo, o aumento do prazo de garantía, e redución do prazo de execución, mediante a aplicación de fórmulas matemáticas que axilicen o procedemento e ao mesmo tempo permitan elixir á proposta coa mellor relación calidade-prezo e se garante a calidade da obra por medio da ampliación do prazo de garantía, e con respecto á falta o informe do xefe da dependencia, considérase que ao non existir xefaturas, considérase que o alcalde é o xefe superior, e é quen inicia o expediente mediante os seus informes, declaracións e a providencia que da inicio ao expediente, xustificando a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais do concello para poder executar a obra, e a xustificación da elección do procedemento en base ao prezo ou valor estimado da obra.

Considerando que se escolleu a tramitación ordinaria do procedemento aberto simplificado.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado do contrato execución das obras de ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO EN CORME (PONTECESO) polo importe de 155.477,98 euros que supón o valor estimado do contrato de obras a tramitar, e 32.650,38 euros de IVE, totalizando 188.128,36 euros, e cun prazo de execución de 2 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de 188.128,36 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2019.342.62300 do Orzamento Municipal de 2019, actualmente en vigor.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado do presente contrato de obras.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000411

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación deste contrato por procedemento aberto simplificado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de vinte días naturais se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.